



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

**D<sup>a</sup>. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 4 de agosto de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

**3.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS A AXUDAS POLOS GASTOS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DA IMPOSIBILIDADE DE ADESTRAR NO CAMPO MUNICIPAL DAS TRAVESAS DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2022/2023. EXPTE. 22514/333.**

Visto o informe xurídico do 29/06/2023 e o informe de fiscalización do 27/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/06/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o técnico do Servizo, o concelleiro-delegado de Deportes, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**I- ANTECEDENTES:**

Vista a proposta do 26 de xuño de 2023 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o Técnico do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14<sup>a</sup> das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8<sup>a</sup> das bases da convocatoria establécese que a o importe destinado ás subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7<sup>a</sup> das mesmas, sobre un máximo de 28 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

**a) Promoción do deporte base:**

a.1. Número total de licencias (Masculinas e femininas) ata categoría previa á absoluta incluída. Ata

25 puntos

Volume total de licencias ata a categoría previa á absoluta e puntuación.

- 6 puntos: De 50 a 65 licencias.
- 8 puntos: De 66 a 80 licencias.
- 10 puntos: De 81 a 95 licencias.
- 12 puntos: De 96 a 110 licencias.
- 15 puntos: De 111 a 125 licencias.
- 16 puntos: De 126 a 150 licencias.
- 17 puntos: De 151 a 165 licencias.
- 20 puntos: De 166 a 180 licencias.
- 25 puntos: >181

**b) Deporte e discapacidade: 3 puntos.**

Outorgaranse 3 puntos ás entidades deportivas federadas cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria, fundamentado nos posibles gastos incrementados que pode supoñer o desprazamento adaptado destes colectivos.

A esta convocatoria presentouse unha soa entidade, admitida por cumprir os requisitos establecidos nas bases.



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 15/05/2024 19:20           | Páxina 1 de 3 |
| SUBVENCIONS  | CSV: ABA74F-EF3CE2-4CE7EE-KHJ3K1-ES6XHN-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |

Da avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a puntuación acadada pola entidade é de 15 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 15.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 1.000,00€.

Non obstante, atendendo ó establecido no apartado 3 da base 8ª, que establece que *“o importe máximo da subvención a unha entidade non poderá superar o 100% do custo total da actividade. En caso de superarse estes límites, aplicarase o factor de corrección necesario”*, e tendo en conta que o custo total da actividade da entidade solicitante ascende a 11.160,00€, este é o importe máximo da subvención e polo tanto o proposto.

A comisión de valoración acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que a beneficiaria cumpre os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

A comisión de valoración certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados pola entidade solicitante están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónase o importe proposto correspondentes á entidade solicitante de subvención admitida no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizouse o certificado emitido pola Federación Deportiva da modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa a Facenda autonómica autorizando ó Concello a comprobar este dato coa Seguridade Social, a AEAT e o Concello de Vigo. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 26 de xuño de 2023, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

A entidade solicitante da subvención declara que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrería a entidade no caso de falsear os datos na solicitude.

No anexo I relaciónase o importe da subvención proposta para a entidade solicitante admitidas. Este importe está definido polo produto dos puntos acadados pola entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas pola entidade solicitante foi de 15 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 15.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 1.000,00€.

Non obstante, atendendo ó establecido no apartado 3 da base 8ª, que establece que *“o importe máximo da subvención a unha entidade non poderá superar o 100% do custo total da actividade. En caso de superarse estes límites, aplicarase o factor de corrección necesario”*, e tendo en conta que o custo total da actividade da entidade solicitante ascende a 11.160,00€, este é o importe máximo da subvención e polo tanto o proposto.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

- Aprobar a proposta de subvención a favor da entidade detallada segundo consta no Anexo I, por un importe total de 11.160,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2023 e a súa bolsa de vinculación, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 15/05/2024 19:20           | Páxina 2 de 3 |
| SUBVENCIONS  | CSV: ABA74F-EF3CE2-4CE7EE-KHJ3K1-ES6XHN-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

orientadas a axudas polos gastos extraordinarios derivados da imposibilidade de adestrar no campo municipal das travesas durante a tempada deportiva 2022/2023.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I: ENTIDADES BENEFICIARIAS "CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ORIENTADAS A AXUDAS POLOS GASTOS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DA IMPOSIBILIDADE DE ADESTRAR NO CAMPO MUNICIPAL DAS TRAVESAS DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2022/2023 (ACTA DO 26 DE XUÑO DE 2023 DA COMISION DE VALORACION).**

| Nº EXPTE  | ENTIDADE   | CIF       | TOTAL PUNTOS | Importe Subvención |
|-----------|------------|-----------|--------------|--------------------|
| 22885-333 | BALAIOS FC | G36737724 | 15           | 11.160,00 €        |

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 15/05/2024 19:20           | Páxina 3 de 3 |
| SUBVENCIONS  | CSV: ABA74F-EF3CE2-4CE7EE-KHJ3K1-ES6XHN-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |